

ORDENANZA FISCAL N.º 8.-REGULADORA POLA TAXA DE SUBMINISTRO DE AUGA.

Artigo 1º.-Fundamento legal.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 en relación co 20 da Lei 39/88, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa polo subministro de auga, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

Artigo 2º.-Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de distribución de auga, incluído os dereitos de enganche e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas.

Artigo 3º.-Suxeitos pasivos.

1. Son suxeitos pasivos en concepto de contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que ocupen ou utilicen as vivendas e locais emprazados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas en que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufructuario, habitacionista, arrendatario ou incluso de precario.
2. Terán a consideración de substituto do contribuínte, o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.

Artigo 4º.-Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebra, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º.-Cota tributaria.

A cota tributaria establecida nesta ordenanza axustarase ás seguintes tarifas:

- a) Cota de conexión á rede municipal de abastecemento de auga: 50 euros.
- b) Subministro de auga:

Cota mínima mensual: 1 euro mes.

- Ata 20 m³ mensuais: 0,15 euros/m³.
- De 20 m³ a 40 m³ mensuais: 0,35 euros/m³.
- A partir de 40 m³ mensuais: 0,55 euros/m³.

A estas tarifas aplicaráselle o importe do IVE correspondente.

Artigo 6º.-Bonificacións.

Non se concederá bonificación ningunha dos importes das cotas tributarias sinaladas na tarifa desta taxa.

Artigo 7º .-Retribución.

1.-Retribúese a taxa e nace a obrigaón de contribuír desde o momento en que se inicie a prestación do servico, entendéndose iniciada, dada as naturais de recepción obrigatoria do mesmo, cando estea establecido e en funcionamento o servico municipal obxecto da presente regulación.

2. As cotas retribuiranse o primeiro día de cada trimestre natural, salvo que a retribución da taxa se producise con posterioridade a dita data, en tal caso será a partir a mesma cando se produza a retribución.

Artigo 8º .-Obrigaón de pagamento.

O pagamento da taxa efectuarase mediante recibo. A lectura do contador, a facturación e cobro do recibo, farase trimestralmente e ó efecto de simplifica-lo cobro, poderán ser incluídos nun recibo único, que inclúa de forma diferenciada, as cotas ou importes correspondentes a outras taxas que se retribúen no mesmo período, tales como recollida de lixo, rede de sumidoiros, etc...

Artigo 9º .-Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

Disposición final.

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2004, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.